

# NORMAS DA AULA ABALAR

## Normas xerais da Aula Abalar

Os ultraportátiles (UP) son propiedade da Consellería de Educación. O feito de non aceptar estas normas ou de non as respectar trae consigo a restrición ou perda dos privilexios de acceso. A Aula Abalar inclúe os UP, o portátil para o uso do profesorado, o encerado dixital iterativo (EDI), o canón de proxección, a antena WIFI e o carro de carga. Tanto o alumnado como o profesorado deberán manter este material en perfecto estado.

- A Aula Abalar ten que estar pechada sempre que non haxa clase nela.
- Calquera dano que sufra o equipo da Aula Abalar por mal uso manifesto ou por negligencia deberá ser custeado polo responsable do mesmo. No caso de non identificar ao culpable, será toda a clase a que aboará o amaño ou reposición do material danado.
- O material ten que estar recollido no armario de carga ao finalizar cada clase.
- Durante as gardas non se poderá empregar o material informático Abalar agás que o profesorado de garda sexa profesorado Abalar e teña traballo para realizar.
- Cada alumno/a terá o seu propio ordenador e será responsable del durante todo o curso. Non se poderá empregar o ordenador doutro alumno ou alumna.
- Para acceder aos ultraportátiles o alumnado deberá esperar á autorización e ás indicacións do profesorado.
- Deixarán as mesas libres e achegaranse ao carro de forma ordenada e sen aglomeracións. Recollerán o seu UP colléndoo pola asa para evitar calquera dano e terán especial coidado co enganche de conexión á corrente, a cámara e o lazo do lapis. Tamén devolverán o UP ó seu lugar correspondente e aseguraranse de que quedan conectados ao cargador. Se un ordenador quedase sen batería deberán continuar a clase sen el.
- Non se colocarán obxectos de ningunha clase sobre o ultraportátil.
- O alumnado é responsable do bo estado do seu UP, do correcto mantemento do escritorio, carpetas e arquivos da súa conta e de apagar correctamente o UP ó finalizar a clase.
- Durante as explicacións, baixaranse as tapas dos UP pero sen chegar a pechalos para evitar que entren en suspensión.
- Se alguén precisa da axuda do profesorado para solventar calquera problema co manexo do UP, agardará ó remate das explicacións e non interromperá o traballo que se estea a desenvolver na aula.
- O EDI e o canón só se empregarán cando o profesor ou profesora o indique.
- Non se poden usar elementos punzantes nin rotuladores cando se empregue o EDI e as mans deberán estar limpas para evitar deixar pegadas. O alumnado respectará as indicacións do profesorado para o seu uso.

Responsabilidades do alumnado	Sancións	Avarías do ultraportatil
<p>O alumnado é totalmente responsable do que faga co seu UP. Terán consideración de faltas graves ou moi graves, e serán sancionables polo Regulamento de Réxime Interno do Centro, as seguintes actuacións:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• O uso incorrecto do material Abalar, non respectando as normas establecidas.</li><li>• Intentar desconfigurar os UP, instalar ou desinstalar programas, danar os equipos ou datos, danar os demais materiais da aula (EDI, carro, canón, WIFI).</li><li>• Ver, copiar, modificar ou interferir no correo electrónico ou nos ficheiros doutros usuarios e usuarias.</li><li>• Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais da aula, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros.</li><li>• Empregar unha linguaxe pouco apropiada (palabras malsoantes, insultos xenófobos ou degradantes atendendo á raza, sexo, relixión ou calquera outra condición).</li><li>• Transmitir ou ver imaxes obscenas, degradantes ou discriminatorias atentando a calquera condición e difundir ou empregar material ilegal.</li><li>• Revelar información persoal.</li></ul>	<p>As sancións que se contemplan, en función da gravidade do incumprimento das normas son:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• A retirada temporal de privilexios de utilización do portátil.</li><li>• A interrupción temporal da participación do alumno no proxecto Abalar.</li><li>• As aprobadas polo Consello Escolar e que se inclúan nas Normas de Organización e Funcionamento do I.E.S.</li></ul> <p>En todo caso, o vandalismo implicará á cancelación dos privilexios de uso do UP e a obriga de reposición dos custes orixinados pola reparación do material danado.</p> <p>Así mesmo, baixo ningún concepto, o sistema/rede poderá ser empregado con propósitos ilegais. A sanción pola realización destas actividades quedará suxeita á lexislación vixente.</p>	<p>Cando o ultraportátil estea avariado, deberá de seguirse a clase con outro compañeiro/a.</p> <p>Se a avaría é menor, esperarase a que o profesorado poida atender a incidencia e o/a alumno/a estará presente mentres se soluciona para poder aprender a arranxar de xeito autónomo as avarías máis sinxelas.</p> <p>Se a avaría é máis grave, deixará o equipo en depósito ata ser avisado de que o problema está resolto. O profesor cubrirá a ficha de incidencias e deberá entregarlala ao coordinador Abalar do centro (directamente ou no seu casilleiro) ou ben deixar encargado ao delegado/a de clase que entreguen o impreso en conserxería.</p> <p>O alumnado non poderá sacar o UP da aula.</p> <p>Cando se detecte que a avaría do UP ten a súa orixe nun uso indebido, o UP non se devolverá ao alumno/a. Neste caso arbitraranse as medidas correctoras recollidas nesta normativa e no R.R.I do Centro. As avarías provocadas non están cubertas pola garantía polo que, se o servizo técnico comproba que a avaría non foi fortuita, será o alumnado o que terá que pagar o custe da mesma.</p>

